

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
1407/2024	A Xunta de Goberno Local	10/06/2024

María Josefa Martínez Barros, en calidade de secretaria accidental deste órgano,

CERTIFICO:

Que, na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada na data arriba indicada, se adoptou o seguinte **ACORDO**:

EXPEDIENTE 1407/2024. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DE ACCESOS A NÚCLEOS EN RUBÍN, LAMAS, OLIVES E CALLOBRE" (PLAN CONCELLOS 2023)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Visto o expediente de contratación da obra "Mellora de accesos a núcleos de Rubín, Lamas, Olives e Callobre" (Plan Concellos 2023) e, concretamente, o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o día 20/05/2024, polo que, en relación ao citado expediente de contratación, se acorda, entre outros, iniciar o procedemento de contratación e redactar e incorporar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os informes xurídico e de fiscalización de Intervención.

Visto que foi incorporada ao expediente a seguinte documentación:

- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares
- Informe de Secretaría
- Informe de Intervención

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da lei 9/2017 de Contratos do Sector Público (LCSP) e Decreto de delegación da Alcaldía nº 2023-0854, de 20 de xuño.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1157, emitida con data 03/06/2024 pola Alcaldía-Presidencia.

RESOLUCIÓN





A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Declarar xustificada a necesidade da celebración do contrato da obra "MELLORA DE ACCESOS A NÚCLEOS EN RUBÍN, LAMAS, OLIVES E CALLOBRE" (PLAN CONCELLOS 2023), por procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e varios criterios de adxudicación así como o cumprimento e realización dos fins institucionais do Concello da Estrada en base á natureza e extensión de ditas necesidades, e a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, nos termos sinalados na memoria xustificativa sobre a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación asinada en data 10 de maio de 2024.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación da obra "MELLORA DE ACCESOS A NÚCLEOS EN RUBÍN, LAMAS, OLIVES E CALLOBRE" (PLAN CONCELLOS 2023), mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e varios criterios de adxudicación.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 24 de maio de 2024.

Cuarto.- Aprobar o gasto polo importe de 101.616,88 €, con cargo á partida orzamentaria 0 4500 61005. PROXECTO: 2.024 2 RUBÍN 25 1 MELLORA ACC. NÚCLEOS RUBÍN, LAMAS, OLIV.

Quinto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público), para que os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes, durante o prazo de 20 días naturais contados dende o día seguinte da súa publicación.

Sexto.- Determinar a composición da mesa de contratación, que deberá constituírse para a apertura de proposicións, e que estará integrada polos membros que se indican a continuación, así como publicar a dita composición cunha antelación mínima de sete días respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 140 da LCSP:

Presidenta:

Dña. Amalia Goldar Cora, segunda tenente de alcalde, ou concelleiro ou concelleira que a substitúa.

Vogais:

- Dña. M^a Jesusa Fernández Bascuas, secretaria do Concello.
- Dña. María Carmen Morillo Rodríguez, interventora do Concello.





EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

- D. Daniel Órrea Corral, arquitecto técnico municipal.
- D. Xoán Reyes Villar concelleiro do Grupo municipal do BNG.

Secretaria:

- Dna. Vanessa Rodríguez Varela, administrativo do Concello.

Suplentes:

As persoas que forman a mesa de contratación poderán ser substituídas por causa xustificada. A estes efectos a secretaria e a interventora serán substituídas polo funcionario ou funcionaria que legalmente as substitúan, o arquitecto técnico municipal por outro técnico municipal, o concelleiro do grupo municipal do BNG será substituído polo outro concelleiro do mesmo grupo e a secretaria da mesa será substituída por un funcionario ou funcionaria municipal.

Sétimo.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante (Plataforma de contratos do sector público) de acordo co disposto no artigo 117 da LCSP, así como o resto de documentación que dita plataforma esixe.

E, para que conste aos efectos oportunos no expediente da súa razón, expídese o presente de orde e co visto e praxe do señor alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 9DE4QLN5FYHCG254GH2L9NDAZ
Corrección: <https://eestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

